

1963-2013

EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA E DOCUMENTAL

EDIFICIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO
DO 23 DE XANEIRO AO 27 DE FEBREIRO



Comisariado da exposición

MARÍA PAZ GARCÍA RUBIO
Catedrática de Dereito Civil da USC

JOSÉ FRANCISCO MÉNDEZ GARCÍA
Director da Biblioteca Concepción Arenal

Coordinación

MARGARITA HERRERO OVIEDO
Profesora contratada doutora
de Dereito Civil

Documentalista

XOSÉ ANXO DOVAL REI
Documentalista da Biblioteca
Concepción Arenal

Depositaria do principal legado bibliográfico e documental sobre o Dereito aplicado en Galicia ao longo da súa historia, a Universidade de Santiago foi e continua a ser o máis importante referente para calquera interesado no Dereito galego. Foi tamén a sede onde impartiron o seu maxisterio e desenvolveron o seu labor investigador os máis destacados xuristas galegos así como tamén os investigadores sobre o Dereito galego, entre outros, algúns dos que fixeron posible a elaboración e posterior publicación da Compilación.

Esta realidade incontestable obríganos a non deixar que pase desapercibida a conmemoración do aniversario dun texto que, aínda que modesto na súa orixe, constitúe o xermolo e a principal razón de ser de que Galicia e o seu Parlamento teñan hoxe competencias en materia de Dereito civil.

A Exposición *50 Aniversario da Compilación de Dereito Civil de Galicia* trata de amosar, a través de fotografías, documentos e libros, a maior parte dos cales pertencen ao fondo da Biblioteca Concepción Arenal, os fitos fundamentais que explican a orixe, a razón de ser, o contido e as importantes derivacións dun texto que naceu sen vocación de grandeza e ao que o destino ten posto nun lugar destacado.

María Paz García Rubio

PERÍODO ANTERIOR AO CÓDIGO CIVIL DE 1889

A historia xurídica de Galicia vén condicionada por dúas circunstancias fundamentais: a súa situación xeográfica e a ausencia dunha verdadeira autonomía política (salvo o breve período suevo). Ambos condicionantes impediron que contase cun sistema xurídico propio e que fose o Dereito dos diversos Reinos aos que pertenceu o territorio galego o que estivese vixente en Galicia. Porén, este Dereito era aplicado adaptándoo ás peculiaridades socioeconómicas imperantes en Galicia, de maneira que se destilaron unha serie de costumes autóctonos que ían reflectindo as necesidades da sociedade galega, unha sociedade onde a familia resultaba fundamental e a principal actividade económica procedía do agro.

A Real Audiencia de Galicia, creada no s. XV, foi fundamental neste labor de adaptación do Dereito oficial procedente do poder central. Este labor chegounos grazas aos traballos de José Maldonado e Pardo e Herbella de Puga, que poden considerarse os autores das dúas primeiras grandes obras xurídicas galegas.




ARREDOR DO CÓDIGO CIVIL DE 1889

O comezo en España do movemento codificador no s. XIX non tivo en conta as peculiaridades xurídicas que, en materia de Dereito Civil, coexistían na península. Porén, o fracaso do primeiro gran intento de lograr un único Código Civil (Proxecto de García Goyena de 1851), puxo de manifesto que non se podería acadar este obxectivo sen contar con aquelas peculiaridades. Non obstante, nesa época Galicia non se encontraba entre os territorios considerados forais, e por isto sorprende que no Real Decreto de 2 de febreiro de 1880 onde o Ministro de Gracia y de Justicia, Saturnino Álvarez Bugallal nomease os correspondentes representantes das rexións de Dereito Foral que ían integrarse na Comisión General de Codificación, e designase a López Lago como representante de Galicia: deste xeito este territorio convertíase nunha rexión foral. Na memoria que este representante se encargou de redactar, o Dereito galego quedou reducido a dúas institucións: os foros e a compañía familiar galega.



APÉNDICES E DEREITO CIVIL ATA O CONGRESO DE ZARAGOZA

Unha vez promulgado o Código Civil, quedaba pendente a cuestión dos Dereitos forais para os que se deseñou un sistema de Apéndices. No caso de Galicia, tras o frustrado *Proyecto de informe sobre foros, subforos, rentas en saco y compañías galegas*, redactado por Jacobo Gil de Villanueva en 1899, elaborouse por parte de José Pérez Porto un *Proyecto de Apéndice al Código civil*, aprobado pola Comisión Especial do Dereito Foral de Galicia, de 30 de abril de 1915. Aínda que este proxecto non chegou a ser lei, porén, foi o xermolo sobre o que se redactou a Compilación de 1963. Durante esta época comezaron a aparecer traballos dedicados ao estudo do Dereito galego de Hervella Ferreira, Prudencio Rovira, Alfredo García Ramos ou Nicolás Tenorio.



Durante a II República apenas existen estudos relativos ao Dereito galego, o que contrasta co feito de que se era plenamente consciente da existencia en Galicia dun Dereito privado propio.

A Constitución republicana permitía que as rexións autónomas asumisen nos seus Estatutos de Autonomía plenas competencias en materia de lexislación civil con independencia da preexistencia ou non dun Dereito Civil propio. Esta posibilidade cristalizou na asunción por parte do Estatuto de Autonomía para Galicia da competencia na lexislación civil galega que podería comprender todas as materias non reservadas ao Estado pola Constitución. Non obstante, este Estatuto non chegou a ser sancionado polas Cortes e xamáis entrou en vigor.

Tras a Guerra Civil volveuse a un sistema xurídico unitario no que se permitiu unha diversidade controlada en materia de Dereito Civil.

CONGRESO DE ZARAGOZA DE 1946 E PROCESO COMPILADOR

A celebración do Congreso Nacional de Derecho Civil en Zaragoza en outubro de 1946 marca un importante fito na historia dos dereitos forais. Ao longo deste tomouse conciencia da inoperancia do sistema de Apéndices e deseñouse un novo modelo que aspiraba á elaboración dun único Código Civil xeral onde se recollen aquelas institucións forais. Este obxectivo debía vir precedido por un período de estudo previo no que cada territorio foral redactaría unhas compilacións que incluírían todas as figuras propias de cada rexión e que estarían en pé de igualdade co vixente Código Civil, e foron absorbidas todas por un Código xeral.

O proceso de elaboración das diferentes compilacións, que se iniciou co Decreto de 23 de maio de 1947, foi moi lento: comezou en 1959 coa Compilación do Dereito civil de Biscaia e Áraa e rematou en 1973 coa Compilación de Dereito civil foral de Navarra.

Como antecedentes inmediatos da *Compilación de Dereito civil especial de Galicia* hai que citar o *Relatorio sobre Dereito civil de Galicia* que se presenta no Congreso Nacional de Zaragoza pola Delegación Territorial de Galicia, o *Proxecto de Apéndice ao Código Civil do Dereito Foral de Galicia*, elaborado pola Comisión de Xuristas de Galicia en 1948 e o *Anteprojecto de Compilación do Dereito Civil Foral de Galicia*, enviado polo Goberno ás Cortes españolas en 1962.



A COMPILACIÓN GALEGA DO 2 DE DECEMBRO DE 1963

Tras un longo camiño iniciado en 1947, por fin aparece publicada no Boletín Oficial del Estado de 5 de decembro de 1963 a *Compilación de Dereito civil especial de Galicia* cunha extensión de noventa e tres artigos, unha disposición adicional, tres disposicións finais e cinco disposicións transitorias.

Nesta compilación líquidase o obsoleto sistema de foros e regúlase a parzaria, a compañía familiar galega, a mellora galega, diferentes tipos de comunidades en materia de augas, de muros e de montes ou os muiños de herdeiros.

A Compilación foi alabada por moitos xuristas que viron nela unha forma de recoller por escrito o Dereito consuetinario galego dando mostras de que se trataba dun dereito vivo digno reflexo da sociedade galega da época. Pero tamén foi obxecto de críticas negativas por aqueles que botaron en falta a inclusión na Compilación de figuras plenamente vixentes na práctica galega e que, en cambio, consideraban que algunhas das institucións recollidas había tempo que caeran en desuso e non tiña ningún sentido o seu reflexo na Compilación.

Desde a perspectiva actual non pode deixar de sinalarse á Compilación como o texto que puxo punto final á discusión en torno á foralidade do Dereito galego e a partir do cal a comunidade galega puido seguir aprofundando e desenvolvendo o seu dereito. Grazas a esta Compilación temos acadado a actual identidade xurídica galega en materia de Dereito civil.



DA COMPILACIÓN Á CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA (1963-1978)

O período compilador pechouse en 1973 coa publicación do *Fuero Nuevo de Navarra*. Porén, é neste ano cando ten lugar un cambio de rumbo definitivo na consideración dos dereitos forais. Coa reforma do Título Preliminar do Código Civil (1973-1974) dáse novo contido ao art. 13 CC onde, de forma definitiva, se asume a diversidade lexislativa existente en España en materia civil.



Por outra banda, a publicación da Compilación galega trouxo novos bríos entre os xuristas galegos provocando que proliferaran os estudos arredor das institucións galegas. Un dos vehículos máis importantes para a difusión destes traballos foi a revista *Foro Gallego*.

Sen dúbida ningunha, o importante catalizador da nova doutrina xurídica galega foi a celebración en 1972 do I Congreso Xurídico Galego, organizado polos Colexios de Avogados galegos, en colaboración coa Academia de Xurisprudencia e Lexislación de Galicia, onde, partindo das deficiencias da Compilación, se pretendía facer realidade o contido da Disposición Adicional deste texto que prevía unha revisión do mesmo transcorridos dez anos desde a súa publicación.

CONSTITUCIÓN E DEREITOS CIVÍS AUTONÓMICOS

A promulgación da Constitución de 1978 trouxo o recoñecemento do dereito á autonomía das nacionalidades e rexións (art. 2), dereito que encontrou o seu reflexo territorial na creación das Comunidades Autónomas ás que se lles recoñecía a posibilidade de dotarse dun ordenamento xurídico propio a través dun reparto de competencias entre o Estado e as Comunidades.



Este reparto competencial afectaba á materia civil e era básica ao respecto a regra oitava do art. 149.1 CE que, á vez que recoñecía a competencia exclusiva do Estado na citada materia, tiña en conta a posibilidade das Comunidades Autónomas de conservación, modificación e desenvolvemento dos dereitos civís, forais o especiais, alí onde existan. Malia os importantes problemas interpretativos que esa regra oitava suscitou, o que ninguén pon en dúbida é que servía para recoñecer a pluralidade lexislativa en materia civil.

Con este punto de arranque constitucional Galicia asumiu no Estatuto de Galicia de 1981 competencia exclusiva sobre a conservación, modificación e desenvolvemento do Dereito civil galego (art. 27.4). Esa competencia exerceuse de maneira directa por vez primeira coa Lei do Parlamento de Galicia de 10 de novembro de 1987 sobre a Compilación de Dereito Civil de Galicia, que procede á adopción e integración da Compilación de 1963 no ordenamento xurídico galego. A publicación da Lei de 24 de maio de 1995, de Dereito civil de Galicia, derogatoria da precitada de 1987, supuxo un paso adiante no proceso de consolidación lexislativa do Dereito civil de Galicia, consolidación cuxa última etapa vén representada pola vixente Lei de Dereito civil de Galicia de 14 de xuño de 2006.

O FORO

O foro foi, para moitos autores de finais do s. XIX, a única institución que merecía ser conservada nun apéndice ao Código Civil dado que as nove décimas partes do territorio do noroeste peninsular estaban sometidas á citada figura.



O foro, con orixe na enfitense romana, creaba un tipo de relación de longa duración entre o propietario da terra e outra persoa, que, a cambio dunha renda, se encargaba da súa explotación. O foro admitía diversas modalidades en función do tipo de renda ou da súa duración.

A imposibilidade de asegurar a percepción das rendas por parte do dominio directo fixo aparecer a figura do subforistas, normalmente membros da fidalguía que se converteran nunha caste de rendistas, e aos que interesaba reducir a temporalidade e impoñer novas rendas.

O transcurso do tempo levou consigo a creación dun entramado de titularidades sobre o mesmo terreo que facían difícil determinar quen era o seu verdadeiro propietario. A finais do s. XVIII a situación chegou a ser insostible e os xuristas e economistas do momento polarizáronse arredor de dúas posturas para acabar coa problemática xurdida: a redención ou a reversión. En 1763 iniciouse un proceso que desembocou no Real Decreto de 1926 que decretou a redención dos foros. Malia este proceso tendente á extinción dos foros, a Compilación galega de 1963 dedicoulle á figura minuciosos preceptos aínda cando xa non tiñan ningún sentido, como recoñecía a propia Exposición de Motivos do texto; de aí que, nas súas disposicións transitorias 1ª e 2ª, se sinalase o procedemento progresivo para a súa extinción.